



Acordo do tribunal cualificador do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de doce (12) prazas de actrices e actores que formarán parte do elenco das producións previstas do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2026-2027: *Isto tamén é Sargadelos e Eurídice*.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria que rexe a selección de actrices e actores para a produción de 2026 e 2027 do departamento de Producción Teatral da Agadic, na sesión celebrada o día 04.08.2026 polo tribunal nomeado mediante Resolución do director da Agadic de data 15/07/2026 para esta selección, acordouse:

Primeiro. Aceptar a renuncia de presentada de Algarra Cajide, Uxía para o proceso de selección de *Eurídice* e convocar no seu lugar a Garabal Carbajal, Raquel.

Segundo. Desestimar as alegacións presentadas.

Terceiro. Aprobar a listaxe definitiva da convocatoria de actores e actrices para as probas presenciais da segunda fase, anexo I.

Con todas as persoas admitidas ao proceso elaborarse unha lista de reserva para posibles substitucións. O feito de figurar nas listas de reserva non implica o dereito a ser convocada no caso de ausencias ou renuncias. Este extremo será decidido polo órgano de selección a proposta do equipo artístico.

Cuarto. Aprobación de datas, horarios e contido das probas presenciais, Anexos II, III e IV.

Quinto. Proceder á publicación na paxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais, e no taboleiro de anuncios, a listaxe definitiva de actores e actrices para as probas presenciais e datas, horario e contido das probas presenciais.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada nos termos previstos no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo dun mes dende o día seguinte á súa publicación, perante a dirección da Agadic

A secretaria do Tribunal

María Paredes Rodríguez





ANEXO I

Listaxe definitiva de persoas candidatas para a produción *Eurídice*:

Apelidos, Nome	Nome artístico
Acevedo Pérez, Iria	Iria Azevedo
Balboa Rodríguez, Cristina	Cris Balboa
Blanco Calvar, Miguel Ángel	Mighello Blanco
Bossa Pereira, Camila	Camila Bossa
Brey Fernández, Nerea	Nerea Brey
Cortázar Couceiro, Jorge Miguel	Xurxo Cortázar
Coucheiro Faílde, Jose Antonio	Antón Coucheiro "Cou"
Escuredo Núñez, Christian	Christian Escuredo
Espada Ares, Raquel	Raquel Espada
Fariña García, Sheyla	Sheyla Fariña
Fernández Coteló, Alba	Alba Coteló
Fernández Sánchez, Alba	Alba Loureiro
Garabal Carbajal, Raquel	Raquel Garabal
García Trabada, Rosalía	Rosalía GT
Lavandeira García, Iago	Iago Lavandeira
Leal Jiménez, Roberto	Roberto Leal
López Maquieira, Irene	Irene Maquieira
López Méndez, Alicia	@ALICREART
Luna Ferragut, Francisco José	Paco Luna
Mohedano Mira, Vicente	Vicente Mohedano
Montero Martínez, María Rebeca	Rebeca Montero
Morchón Mosquera, Óscar	Óscar Morchón
Orsi Cotrim, Marcos Helly	Marcos Orsi
Pérez Martín, Raúl	Raúl Martín





Pérez Muiño, Alfredo	Fredi Muiño
Quintelas Pinto Félix, Maria Miguel	Maria Miguel Félix
Raimundo Chora, Catarina	Catarina Chora
Rodríguez Pagán Lúa	Lúa Pagán
Salgado Rodríguez, Antonio	Toni Salgado
Salgado Rodríguez, Francisco Javier	Machi Salgado
Santos Acuña, Inés	Inés Santos
Torres García Oubiña, Patricia	Patricia Torres
Varandela Rodríguez, Jorge	Jorge Varandela
Vidal Salgado, Antía	Antia Vidal
Villaverde Carrera, Laura	Laura Villaverde

Listaxe definitiva de persoas candidatas para a produción *Isto tamén é Sargadelos*:

Apelidos, nome	Nome artístico
Balboa Rodríguez, Cristina	Cris Balboa
Bermúdez Iglesias, Alba	Alba Bermúdez
Collazo Gómez, Cristina	Cris Collazo
Espada Ares, Raquel	Raquel Espada
Fernández Cotelo, Alba	Alba Cotelo
Fernández García, Atenea	Atenea García
Fernández Sobrado, Iria	Iria Sobrado
Ferro Feal, Sara	Sara Ferro
Gago Portas, Ana Isabel	Anabell Gago
García de las Llanderas, María	María de las Llanderas
García Facorro, Carmen	Carmen Facorro
García Moure, Catarina	Catuxa Leira
García Pérez, Mónica	Mónica García
González Pico, Celia María	Celia González





González Sola, Leticia	Leticia Sola
González Villar, Aránzazu	Arantza Villar
Graña Barcia, María Beatriz	Beatriz Barcia
Lado Insua, Marta María	Marta Lado
Lestón Olveira, Mariña	Mariña Lestón
López Méndez, Alicia	@ALICREART
López Prada, Lydia	Lydia Prada
Martínez Ferro, Candela	Candela Ferro
Méndez Lamas, Carmen	Carmen Méndez
Moar Suárez, Verónica	Verónica Moar Suárez
Nogueira Basalo, Raquel	Raquel Nogueira Watson
Ordóñez Rodríguez, María	María Ordóñez
Pérez García, Aida Sarai	Aisa Pérez
Piñeiro Santos, Iria María	Iria Pinheiro
Puga Davila, Rosa	Rosa Puga Davila
Quelle Castro, Rosalía	Rosalía Castro
Rodríguez Román, María Neves	Neves Rodríguez
Salvado Gontad, Inés	Inés Salvado Gontad
Sánchez Expósito, Aida	Aida Cobas
Santos Acuña, Inés	Inés Santos
Villaverde Carrera, Laura	Laura Villaverde





ANEXO II

Datas, horarios para as probas.

- As probas terán lugar no espazo REGA 2 da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.
- As persoas candidatas deberán acudir provistas do DNI ou documento que acredite a identidade.
- Recoméndase levar roupa axeitada e auga.
- As persoas candidatas poderán ser seleccionadas para calquera papel da montaxe, independentemente do papel realizado na proba. O tribunal resérvase a posibilidade de volver a chamar a algunha das persoas ou achegar indicacións específicas para as probas,

Datas, horarios as probas presenciais:

Eurídice

	Data	Hora	Textos/Personaxe	Apelidos, Nome	Nome artístico
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	EURÍDICE	Quintelas Pinto Félix, Maria Miguel	Maria Miguel Félix
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	PAI	Salgado Rodríguez, Francisco Javier	Machi Salgado
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	ORFEO	Pérez Martín, Raúl	Raúl Martín
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	H INTERESANTE, SR. INFRAMUNDO	Coucheiro Faílde, Jose Antonio	Antón Coucheiro "Cou"
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA PEQUENA	Fernández Cotelo, Alba	Alba Cotelo
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA GRANDE	Bossa Pereira, Camila	Camila Bossa
1	10 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA RUIDOSA	Balboa Rodríguez, Cristina	Cris Balboa
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	EURÍDICE	Fariña García, Sheyla	Sheyla Fariña
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	PAI	Leal Jiménez, Roberto	Roberto Leal
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	ORFEO	Varandela Rodríguez, Jorge	Jorge Varandela
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	H INTERESANTE, SR. INFRAMUNDO	Luna Ferragut, Francisco José	Paco Luna
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA PEQUENA	García Trabada, Rosalía	Rosalía GT
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA GRANDE	Torres García Oubiña, Patricia	Patricia Torres
2	10 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA RUIDOSA	Fernández Sánchez, Alba	Alba Loureiro





3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	EURÍDICE	Raimundo Chora, Catarina	Catarina Chora
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	PAI	Salgado Rodríguez, Antonio	Toni Salgado
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	ORFEO	Escuredo Núñez, Christian	Christian Escuredo
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	H INTERESANTE, SR. INFRAMUNDO	Pérez Muiño, Alfredo	Fredi Muiño
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	PEDRA PEQUENA	Santos Acuña, Inés	Inés Santos
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	PEDRA GRANDE	Montero Martínez, María Rebeca	Rebeca Montero
3	10 agosto	17:00 a 20:00 h.	PEDRA RUIDOSA	López Méndez, Alicia	@ALICREART
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	EURÍDICE	Brey Fernández, Nerea	Nerea Brey
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	PAI	Orsi Cotrim, Marcos Helly	Marcos Orsi
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	ORFEO	Morchón Mosquera, Óscar	Óscar Morchón
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	H INTERESANTE, SR. INFRAMUNDO	Blanco Calvar, Miguel Ángel	Mighello Blanco
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA PEQUENA	López Maquieira, Irene	Irene Maquieira
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA GRANDE	Acevedo Pérez, Iria	Iria Azevedo
4	11 agosto	09:00 a 12:00 h.	PEDRA RUIDOSA	Vidal Salgado, Antía	Antia Vidal
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	EURÍDICE	Villaverde Carrera, Laura	Laura Villaverde
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	PAI	Mohedano Mira, Vicente	Vicente Mohedano
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	ORFEO	Lavandeira García, Iago	Iago Lavandeira
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	H INTERESANTE, SR. INFRAMUNDO	Cortázar Couceiro, Jorge Miguel	Xurxo Cortázar
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA PEQUENA	Espada Ares, Raquel	Raquel Espada
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA GRANDE	Rodríguez Pagán Lúa	Lúa Pagán
5	11 agosto	12:30 a 15:30 h.	PEDRA RUIDOSA	Garabal Carbajal, Raquel	Raquel Garabal





Isto tamén é Sargadelos

Grupo	Data	Hora	Personaxes / Texto / Outros	Apelidos, nome	Nome artístico
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Mimina, Actriz 7 VI, Texto Mimina Écfrase	Collazo Gómez, Cristina	Cris Collazo
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 5 (accionista) IX, VI Acción sonora	Lestón Olveira, Mariña	Mariña Lestón
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 6 (accionista) IX, VI Acción sonora	García Pérez, Mónica	Mónica García
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 1 VI Écfrase + Acción sonora	García Facorro, Carmen	Carmen Facorro
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 2 VI Écfrase + Acción sonora	Santos Acuña, Inés	Inés Santos
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 3 VI Écfrase + Acción sonora	Fernández Sobrado, Iria	Iria Sobrado
1	12 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 4 VI Écfrase + Acción sonora	Quelle Castro, Rosalía	Rosalía Castro
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Mimina, Actriz 7 VI, Texto Mimina Écfrase	González Sola, Leticia	Leticia Sola
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 1 VI Écfrase + Acción sonora	García Moure, Catarina	Catuxa Leira
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 6 (accionista) IX, VI Écfrase	Espada Ares, Raquel	Raquel Espada
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 2 VI Écfrase + Acción sonora	Puga Davila, Rosa	Rosa Puga Davila
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 3 VI Écfrase	Ferro Feal, Sara	Sara Ferro
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 4 VI Écfrase + Acción sonora	Villaverde Carrera, Laura	Laura Villaverde
2	12 agosto	13:30 a 17:30 h.	Actriz 5 (accionista) IX, VI Écfrase	González Pico, Celia María	Celia González
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Mimina, Actriz 7 VI, Texto Mimina Écfrase	García de las Llanderas, María	María de las Llanderas
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 6 (accionista) IX, VI Écfrase	Pérez García, Aida Sarai	Aisa Pérez
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 1 VI Écfrase + Acción sonora	Balboa Rodríguez, Cristina	Cris Balboa





3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 2 VI Écfrase	Ordóñez Rodríguez, María	María Ordóñez
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 3 VI Écfrase + Acción sonora	Fernández García, Atenea	Atenea García
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 4 VI Écfrase + Acción sonora	Fernández Cotelo, Alba	Alba Cotelo
3	13 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 5 (accionista) IX, VI Acción sonora	Piñeiro Santos, Iria Maria	Iria Pinheiro
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Mimina, Actriz 7 VI, Texto Mimina Écfrase	Moar Suárez, Verónica	Verónica Moar Suárez
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 1 VI Écfrase + Acción sonora	Sánchez Expósito, Aida	Aida Cobas
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 5 (accionista) IX, VI Acción sonora	González Villar, Aránzazu	Arantza Villar
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 2 VI Écfrase + Acción sonora	Martínez Ferro, Candela	Candela Ferro
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 6 (accionista) IX, VI Écfrase	Nogueira Basalo, Raquel	Raquel Nogueira Watson
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 3 VI Écfrase + Acción sonora	Méndez Lamas, Carmen	Carmen Méndez
4	13 agosto	15:00 a 19:00 h	Actriz 4 VI Écfrase + Acción sonora	Rodríguez Román, María Neves	Neves Rodríguez
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Mimina + Actriz 7 VI, Texto Mimina Écfrase	López Prada, Lydia	Lydia Prada
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 1 VI Écfrase + Acción sonora	López Méndez, Alicia	@ALICREART
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 2 VI Acción sonora	Graña Barcia, María Beatriz	Beatriz Barcia
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 5 (accionista) IX, VI Écfrase	Gago Portas, Ana Isabel	Anabell Gago
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 3 VI Écfrase + Acción sonora	Salvado Gontad, Inés	Inés Salvado Gontad
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 6 (accionista) IX, VI Écfrase	Lado Insua, Marta María	Marta Lado
5	14 agosto	09:00 a 13:00 h.	Actriz 4 VI Écfrase + Acción sonora	Bermúdez Iglesias, Alba	Alba Bermúdez





ANEXO III

Textos de *Eurídice.-Monólogos*

1. EURÍDICE

O Grao Cero e o Esquecemento

Indicación técnica: O texto transita entre o trauma físico da morte e a disolución da identidade. Búscase a fragmentación do pensamento (pensamento roto en directo, fuxindo do poema recitado) e o contraste entre o rexistro lírico e o grotesco. Avaliarase a precisión anatómica na articulación e a plasticidade corporal ante a hipotermia e o baleiro do Leteo.

Houbo un estrondo e sentín frío.
Creo que o meu marido estaba comigo.
Como era que se chamaba?
Eurídice vólvese cara ás Pedras.
O nome do meu marido? Sabédelo?
As Pedras encollen os ombreiros.
Que estraño. Non o lembro.
Foi horrible ver o seu rostro ao morrer.
Os seus ollos eran dous paxaros negros
que viñan cara a min.
Díxenlles que quedasen onde estaban,
que el os precisaba para ver.
Despois do frío
fixéronme nadar nun río
e esquecín o seu nome.
Esquecín todos os nomes.
Sei que o seu nome empeza coa miña boca
en forma de nobelo de fío.
Ooooooo.
Esquecino.
Leváronme nunha barca diminuta.
Apenas cabía dentro.
Mirei os remos
e entráronme ganas de chorar.
Tentei chorar, pero só me caeu un pouco de baba.
Vouno tentar agora.
Tenta chorar, pero dáse conta de que non pode.
Encantaríame poder chorar.
Respira.
Non me sentía soa,





só estaba a soas comigo mesma,
suplicándome que non abandonase o meu propio corpo,
pero estaba marchando.
"Adeus, cabeza", díxenlle,
mentres ela facía unha reverencia, coma se se quixese despedir.

Xírase cara ás Pedras.

Como te despides de ti mesma?

2. ORFEO

A Carta do Soño / Canción: *Con toda palabra*

Indicación técnica: Orfeo fala desde a saturación, a vertixe e a neurose do creador no mundo dos vivos, fuxindo do galán romántico tradicional. O texto pasa da lixeireza do soño á crise de pánico existencial. Requirimento obrigatorio de Vadim Yuxhnevich: Traer aprendida e memorizada a canción **Lhasa de Sela** - *Con toda palabra* para a proba de ritmo e modulación de timbre.

Querida Eurídice:

Onte soñei que subiamos ao Monte Olimpo, faciamos o amor e cada un dos teus cabelos era como unha pequena billa da que abrollaba auga. Eu preguntábache: "Por que che sae auga do pelo?". E ti respondíasme: "A gravidade é moi poderosa".

E logo saltamos do Monte Olimpo e voamos entre as nubes. Magoárase cunha nube e tiñas os xeonllos pegados ao peito. Acabamos caendo nun lago salgado. Entón espertei e a xanela asustoume e pensei: Eurídice está morta. E non só iso: quen é Eurídice? E todo o cuarto empezou a flotar e xa nin sabía que era a xente. As miñas sabas sorríronme e obrigáronme a pensar en quen son eu. Dáme medo, Eurídice.

Por favor, volve.

Con cariño,

Orfeo.

3. O PAI

A Áncora da Memoria e o Baixo Continuo





Indicación técnica: O personaxe debe falar desde unha lucidez dolorosa, contida e cunha dignidade artesá, fuxindo do melodrama lacrimóxico ou da solemnidade clásica. Esíxese unha dicción perfecta, limpa de ansiedade, que funcione como un baixo continuo no espazo acústico e module a voz cara á intimidade dun cuarto pechado.

Querida Eurídice:

Unha carta para ti o día da túa voda.

Non hai elección máis importante na vida que a de elixir á persoa amada. Non coñezo a Orfeo, pero parece un mozo responsable. Teño entendido que é músico.

Se tivese que dar un discurso na túa voda, empezaría cun ou dous chistes e logo podería darche algúns consellos.

Cultiva a arte do baile e a charla trivial.

Todo con moderación.

Busca a compañía e o respecto dos cans.

Asar un peixe ou tostar pan sen queimalo require determinación, atención e vixilancia constante.

Non fales de política, pero vota á persoa axeitada.

Non esquezas cambiar as lámpadas.

Sigue entregándote aos demais, porque non hai maior satisfacción na vida: amar, aceptar, honrar e axudar aos demais.

En canto a min, isto é o que se sente ao estar morto:

O ambiente cheira mal. E hai uns ruídos agudos moi estraños, coma se unha teteira estivese sempre a piques de ferver. Pero parece que a ninguén lle molesta. E, en xeral, o ambiente é agradable e podes traballar e facer amizades, case coma na casa.

Traballo no mundo dos negocios e aquí podo ver mellor as consecuencias a longo prazo das nosas accións.

Ademais, son un dos poucos mortos que aínda lembra como ler e escribir. Pero é un segredo. Se alguén se decata, poderían volver mergullarme no río.

Escriboche cartas. Non sei se algún día as recibirás.





Quérote,

Teu pai.

4. HOME INTERESANTE

O Acoso Invasivo e a Mutación en Directo

Indicación técnica: Este papel esixe un exercicio de magnetismo incómodo e ameaza física, rompendo a lírica poética con contrastes corporais. O personaxe funciona como unha entidade que muta: na primeira parte (texto adxunto) esíxese unha animalidade pesada, "virilidade grotesca" e un fraseo invasivo onde a palabra sexa o motor real do acoso físico. A segunda fase (Señor do Inframundo) traballárase en sala sen texto a través dun código de tiranía e crueldade infantil.

Tes que buscar un home de verdade. Un home con ombreiros anchos coma os meus. Orfeo ten uns dedos longos (longos) que tremerían ao acariñar un touro ou ao sacar unha abella dunha colmea.

Un home capaz de protexerte cos seus grandes brazos mentres te guía entre a multitude, un home que reciba as visitas nas festas... Un home de mans grandes, de mans enormes como patacas, un home capaz de cargar cunha vaca a piques de parir.

O home empurra a Eurídice contra a parede.

Os meus beizos estaban destinados a bicar as túas pálpebras, está claro!

5. PEDRA GRANDE

Separata do Coro (As Pedras de Sangra)

Indicación técnica para as tres pedras: O Coro de Pedras de Sangra constitúe o tribunal opresor e a percusión do Inframundo. Non son estatuas inertes, senón un organismo vivo de **mil ollos** cunha gran esixencia de inmovilidade espasmódica, fisicalidade acrobática (eixes baixos, contorsións), retransmisión galega e uso de "voces de sangrada" (sons rotos e distorsión vocal). Na primeira parte do laboratorio, participarán activamente na coreografía e polifonía do baile contemporáneo da voda.

Eu son unha pedra grande. As tres somos pedras. Eurídice era un gran músico. Orfeo era a súa muller. Eurídice quere falar convosco. Pero xa non sabe falar o voso idioma. Agora fala o idioma





dos mortos. Como patacas durmindo na terra. Si, finxide por un momento que entendedes o idioma das pedras. É o que chamamos subversivo. Coidado, señor. Ningún dos dous pode levar unha melodía. Segue camiñando. Dá a volta. Eurídice! Está na túa cabeza. Finalmente un pouco de paz. Coma nos vellos tempos. Sen música. Non hai conversa. Que che parece?

6. PEDRA PEQUENA

Separata do Coro (As Pedras de Sangra)

Indicación técnica: *(Ver indicacións xerais do Coro na Separata 5).* No caso de Pedra Pequena, potenciarase o eixe físico baixo (reptar, movementos acrobáticos a rentes do chan), funcionando como un espello deformante e un eco rápido, vicioso e fragmentado que perverte o subtexto mediante siseos infantís.

Eu son unha pedra pequena. As tres somos pedras. Vivimos cos mortos no reino dos mortos. Eurídice quere falar convosco. Pero xa non sabe falar o voso idioma. Agora fala o idioma dos mortos. É un idioma moi silencioso. Que é ese ruído? É horrible! Deixa de cantar e vai traballar! Os cuartos non están permitidos. Alguén chama!. Quen é? Ninguén chama á porta da morte. Orfeo desafiou as portas do inferno para atoparte. Finalmente, un pouco de paz. Amor é unha palabra grande e divertida.

7. PEDRA RUIDOSA

Separata do Coro (As Pedras de Sangra)

Indicación técnica: *(Ver indicacións xerais do Coro na Separata 5).* No caso de Pedra Ruidosa, avaliarase ao máximo a capacidade técnica vocal para emitir voces de sangrada (potencia de proxección, estridencia e quebra do decoro sen mancar o aparato fonador), rompendo o espazo con movementos espasmódicos, imprevisibles e explosivos.

Eu son unha pedra ruidosa. As tres somos pedras. Orfeo era un gran músico. Eurídice era a súa muller. Ela morreu. Pero as pedras non senten mágoa polos mortos. Eurídice quere falar convosco. Pero xa non sabe falar o voso idioma. Agora fala o idioma dos mortos. Coma se os poros das vosas caras se abrisen e falasen. Escoitádea como escoitariades á vosa propia filla se morrese demasiado nova e tentase falarvos desde a distancia.



ANEXO IV

Textos *Isto tamén é Sargadelos*

Escena VI.

Laboratorio de formas.

Manifesto L.F.

Manifestar o manifesto.

Corpo de actrices explorando a relación entre:

corpo, espazo e forma.

Abstracción e xeometría. Unha escultura en movemento.

O espazo sonoro e a iluminación potencian a natureza abstracta-simbólica da acción escénica.

O discurso enche de contido a abstracción e a forma.

O contido é o contexto.

ACTRIZ 1.

O Laboratorio de Formas creado en 1963 na Galiza emigrada como vontade dun grupo de persoas exiliadas, propónse o estudo das formas desenvolvidas no pasado galego e as que continúan vixentes.

Testemuña do cansazo producido polos últimos ideais cosmopolitas dalgunhas escolas, o Laboratorio pretende encontrar nesas formas esquecidas que perviviron durante séculos, e nos vestixios herdados, os sinais dun sistema propio de expresión.

ACTRIZ 2.

O Laboratorio rexistra un extenso número de intentos e teorías que van dende as de Ruskin e Morris, os racionalistas, construtivistas e produtivistas rusos co seu Vkhutemas, e outros laboratorios, ata as derradeiras experiencias de Bill,

Maldonado etc. pasando polo exemplo máis coñecido en Occidente do Bauhaus.





ACTRIZ 3.

O propósito que guía ao Laboratorio e a teoría que sustenta inclúe, ademais do significado, a orixe das formas, coma linguaxe que é, defendéndose do cosmopolitismo por respecto á natureza humana.

ACTRIZ 4.

O Laboratorio de Formas deixou o seu período de formulacións teóricas e, apoiándose en varios recursos e autoxestionándose, conta xa no seu haber con dúas importantes realizacións: O renacemento da cerámica de Sargadelos, a empresa de máis alento e prestixio do pasado galego que representou ao mesmo tempo unha das súas maiores frustracións.

ACTRIZ 3.

E a creación do Museo Carlos Maside, que aspira a recoller a obra e documentación do movemento renovador da arte galega contemporánea coa súa contorna social anterior ao conflito do ano 1936, converténdose en centro das ideas estéticas de Galicia e dos movementos universais da arte.

ACTRIZ 1.

O Laboratorio propónse intervir noutras operacións de investigación que contribúan a restaurar a nosa memoria histórica.

ACTRIZ 2.

O Laboratorio quere facerse notar máis polas súas realizacións que polas súas formulacións teóricas, amosando un respecto polas formas que non contaron

coa experiencia histórica na súa realización e mantendo un sistema aberto á evolución de todo tipo, sen máis limitacións que as éticas.

O coro de actrices representa cada un dos proxectos que conforman o L.F.

ACTRIZ 5.

Renovación de Cerámicas do Castro, 1949





ACTRIZ 6.

Ediciós do Castro, 1963

ACTRIZ 7.

Instituto Galego de Información, 1977

ACTRIZ 2.

Museo Carlos Maside, 1970

ACTRIZ 3.

Seminario de Estudos Galegos, 1979

ACTRIZ 4.

Seminario de Sargadelos, 1972

ACTRIZ 5.

Laboratorio de Industria e comunicación, 1978

ACTRIZ 6.

Laboratorio Xeolóxico de Laxe, 1979

ACTRIZ 7.

Galerías de Sargadelos.





Escena IX.

Accionistas en acción.

Grupo de Actrices accionistas.

Actrices asumindo o rol de acción.

Actrices accionando.

Actrices investindo en accións.

Accionistas xogando co capital.

Cartos, cartos. Accións e acción.

ACTRIZ 5.- Vale

Quen tiña accións de Sargadelos?

ACTRIZ 6.- Familias con cartos que puxeron cartos.

Os Nogueira, que tiñan galerías na Coruña.

Os Rey, que tiñan un periódico, *La Voz de Galicia*.

Os Vázquez Freire, familiares de Mosquera, a muller que asinou con Mimina a compra dos terreos das Morenas.

Outras familias.

Isaac, Seoane, Marentes, un químico e outros artistas.

ACTRIZ 5.- Que pasa? Que para falar das accións de Sargadelos temos que comezar por clarificar as accións de Cerámicas do Castro.

Quen tiña accións de Cerámicas do Castro?

ACTRIZ 6.- Os Nogueira, que tiñan galerías na Coruña.

Os Rey, que tiñan un periódico. *La Voz de Galicia*.

Os Vázquez Freire, familiares de Mosquera, a muller que asinou con Mimina a compra dos terreos das Morenas.

Outras familias.





Once familias.

Isaac, Seoane, Marentes, un químico e outros artistas.

ACTRIZ 5.- Inversores?

ACTRIZ 6.- Moitos.

ACTRIZ 5.- Por que?

ACTRIZ 6.- Porque non hai cartos públicos.

ACTRIZ 5.- Por que?

ACTRIZ 6.- Porque hai censura.

Calquera proxecto con compoñente galeguista-dinamizador é observado con sospeita.

ACTRIZ 5.- A cultura?

ACTRIZ 6.- Desterrada.

ACTRIZ 5.- O contexto?

ACTRIZ 6.- FRANCO, FRANCO.

Segue sendo Franco.

ACTRIZ 5.- Orientación cultural da empresa?

ACTRIZ 6.- Galeguista.

ACTRIZ 5.- O galego?

ACTRIZ 6.- *Una manifestación folclórica del alma regional.*

Una amenaza para la unidad nacional.

Prohibido o galego na escola, na Administración, na prensa e nos actos públicos.

ACTRIZ 5.- Cerámicas de Sargadelos?





ACTRIZ 6.- Proxecto cultural.

A cuestión é que en Cerámicas de Sargadelos ademais das familias con cartos que puxeran cartos.

Os Nogueira, que tiñan galerías na Coruña.

Os Rey, que tiñan un periódico, *La Voz de Galicia*.

Os Vázquez Freire, familiares de Mosquera, a muller que asinou con Mimina a compra dos terreos das Morenas.

Outras familias.

Isaac, Seoane, Marentes, un químico e outros artistas...

Tres empresas

invisten no proxecto:

Cerámicas do Castro,

Grupo TECN

e o Laboratorio de Formas.

A CORO.- BOOOOOOOOOM!

ACTRIZ 5.- Porque o Laboratorio de Formas, que xa coñecemos, tamén ten Capital.

ACTRIZ 6.- Ben, non sabemos se ten capital. Ten participacións.

ACTRIZ 5.- O Laboratorio de Formas, cuxos socios fundadores son Isaac, Seoane e Albalat.

ACTRIZ 6.- Vale.

Tanto monta, monta tanto.

Aquí todo o mundo ten accións por unha parte e por outra.

Cromos repes.

Os nomes repítense. Eses nomes aparéanse.

Chegan os fillos dos nomes e as accións pasan duns a outros.

ACTRIZ 5.- Entón, para aclarar.

As familias con cartos que puxeron cartos.

Os Nogueira, que tiñan galerías na Coruña.

Os Rey, que tiñan un periódico, *La Voz de Galicia*.





E outras familias

son accionistas capitalistas.

Isaac, Seoane, Marentes, o químico, Vázquez Freire e outros artistas

son accionistas idealistas.

Por tanto, Cerámicas do Castro, Laboratorio de Formas e Cerámicas de Sargadelos serían accionistas idealistas tamén.

ACTRIZ 6.- Entón,

Isaac, Seoane, Marentes, o químico, Vázquez Freire, outros artistas

son accionistas idealistas.

Pero, Cerámicas do Castro e Cerámicas de Sargadelos son accionistas capitalistas tamén.

ACTRIZ 5.- E se, o L.F., que son Isaac e Seoane, é accionista idealista e leva a dirección artística de Cerámicas do Castro e Cerámicas de Sargadelos.

Cerámicas do Castro e Cerámicas de Sargadelos son accionistas idealistas pero tamén accionistas capitalistas.

ACTRIZ 6.- Que pasa?

Que os accionistas capitalistas reclaman beneficios.

E os accionistas idealistas reinvesten os beneficios en cultura.

Os accionistas idealistas reinvesten os cartos en Cerámicas do Castro, Edicións do Castro e Cerámicas de Sargadelos.

Os accionistas idealistas agora queren un museo.

ACTRIZ 5.- O Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside.

ACTRIZ 6.- Os Accionistas capitalistas queren cartos.

Os Accionistas idealistas toman decisións en base aos cartos de todos.

Os Accionistas idealistas queren ter beneficios pero non para engordar os petos, senón para investir eses beneficios noutros proxectos culturais.





Os Accionistas capitalistas reclaman cartos.

Aos Accionistas capitalistas estóupalles a cachola co Carlos Maside.

ACTRIZ 5.- Non. Un museo non. Un museo non.

ACTRIZ 6.- O Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside SI

Ten que ser.

A CORO.- É visión.

Conservación.

Documentación.

Difusión.

Renovación.

Testemuña da creación artística galega.

O Laboratorio de Formas dille que SI ao Carlos Maside.

ACTRIZ 5.- Os accionistas idealistas de Cerámicas do Castro e Cerámicas de Sargadelos queren dicirlle que SI pero Cerámicas do Castro e Cerámicas de Sargadelos non poden dicir que si porque tamén son accionistas capitais que queren dicir NON.

ACTRIZ 6.- Os números son os números.

A realidade é a que é.

ACTRIZ 5.- Accionistas capitalistas: un millón de pesetas.

Accionistas idealistas: Un millón cen mil.

100.000 pesetas, que listos!

Se as 100.000 pesetas dos idealistas pasan dos idealistas aos capitalistas.

(Se as 100.000 pesetas dos idealistas pasan aos petos dos capitalistas)

A CORO.- Non hai Museo.

Non hai Editorial.

Non hai proxecto cultural.

ACTRIZ 2.- Vale. Entendemos o perigo.





100.000 pesetas fan a diferenza.

(Alerta. Alarmas de emerxencia)

Agora collen os accionistas capitalistas e fanse coa maioría.

ACTRIZ 6.- Como?

De que maneira?

Falamos de traizón?

Falemos de traizón!

(Soa unha cumbia)

ACTRIZ 5.- Se un accionista idealista traizoa o grupo vendendo 100.000 pesetas.

A CORO.- Non hai Museo.

Non hai Editorial.

Non hai proxecto cultural.





MIMINA

Actriz 1.- Chamábase Carmen Arias de Castro.
Chamábanlle Mimina.
Formouse xunto a Lolita Díaz Baliño.
Aprendeu con ela o oficio, o risco, o trazo.
Lolita e Mimina marcharon a Madrid.
Entraron xuntas na Escola de Belas Artes de San Fernando.
De volta na Coruña,
Mimina traballou como axudante de Lolita
na Escola de Artes e Oficios.
En 1941 e 1942,
foi profesora de debuxo no Instituto da Muller.
Tiña vinte e catro anos.
Pintaba.
Tiña futuro.
Casou con Isaac Díaz Pardo.
Non deixou de crear: transformou a forma de facelo
Arquivou.
Clasificou.
Gardou cartas, debuxos, fotografías, recortes, notas, fragmentos de vida.
Construíu o relato.
Ordenou o caos.
Non foi sombra.
Foi estrutura.





Outras indicacións *Isto tamén é Sargadelos*

1. Écfrase

Escolle unha peza de Sargadelos e realiza unha descrición o máis obxectiva posible. Interésanos que observes e describas o obxecto atendendo ás súas características físicas:

Forma, dimensións, peso, volume, textura, temperatura, cor, decoración, material, equilibrio ou calquera outro aspecto que poidas percibir.

A descrición debe ser breve, directa e o máis xusta posible, procurando a economía da palabra. Trátase de que quen escoite ou lea a túa descrición poida visualizar o obxecto con claridade e sinxeleza, sen necesidade de velo.

Sempre que sexa posible, recomendamos que traballedes cunha peza real, que poidades coller, manipular e observar directamente, xa que nos interesa que poidades experimentar co seu tamaño, volume, peso e presenza física. Non é necesario nin recomendable traer o obxecto consigo ao exercicio.

Se non tedes acceso a unha peza propia, podedes realizar o exercicio a partir dunha fotografía. En calquera caso, animámosvos a achegarvos a unha tenda oficial de Sargadelos, a un anticuario, rastro ou tenda de segunda man onde haxa este tipo de pezas para poder velas e manipulalas en primeira persoa antes de preparar o exercicio.

2. Acción sonora

Se tocas algún instrumento musical ou tes nocións de canto, prepara unha acción sonora breve (entre 1 e 2 minutos aprox.) que dialogue co proxecto cultural Sargadelos.

A proposta deberá establecer unha relación entre o instrumento, o son e o proxecto cultural Sargadelos, e pode partir de calquera asociación, idea ou vínculo que establezas con el. A forma é libre: pode incluír unha peza interpretada, unha improvisación, unha composición propia ou calquera outra proposta que dialogue con ese universo.

Interésanos observar o teu pensamento musical e escénico, a túa relación co instrumento e a túa capacidade para construír unha acción a partir dun estímulo. Non buscamos unha demostración de virtuosismo técnico, senón coñecer a túa capacidade expresiva e a túa propia linguaxe artística.





3. En diálogo con Mimina

A partir do texto adxunto sobre Mimina, prepara unha proposta escénica breve (entre 2 e 3 minutos aprox.) que poña en relación o universo de Mimina coa túa propia práctica artística.

A proposta é libre e pode partir dunha acción, dun texto, dunha canción, dun obxecto, dun movemento, dunha imaxe ou de calquera outro elemento que consideres pertinente.

Non buscamos unha ilustración nin unha recreación do personaxe, senón observar que relación estableces co material proposto e como o desenvolves nunha práctica propia.

Non é necesario aprender o texto nin empregalo de maneira literal. Podes utilizalo como punto de partida, como referencia ou seleccionar un fragmento se che resulta útil.

A proposta deberá considerar a disposición espacial como parte da súa composición. Pensa onde queres situar a acción e onde deben colocarse as persoas que a comparten, atendendo tamén ao grao de proximidade ou distancia que propoñes entre elas e a acción.

